



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

13.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO “INSTITUTO FEIRAL DE VIGO” (IFEVI). EXPTE. 1468/1102.

Dáse conta da proposta de data 05/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “Instituto Feiral de Vigo” (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma segundo o disposto no artigo 12 dos Estatutos da Fundación do Instituto Feiral de Vigo aprobado polo Padroado en data 3 de xullo de 2009

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar á Cuarta Tenente de Alcalde e concelleira de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, Dña. María Jose Caride Estévez representante do Concello de Vigo no padroado e Comité Executivo na Fundación Instituto Feiral de Vigo

Segundo.- Comunicar este acordo ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2023 12:25	Páxina 1 de 2
1468-1102	CSV: AHA72C-84AC5B-B4E22H-XYLJ18-1A2TBY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/07/2023 12:25	Páxina 2 de 2
1468-1102	CSV: AHA72C-84AC5B-B4E22H-XYLJ18-1A2TBY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		